



Guía Docente				
Datos Identificativos			2018/19	
Asignatura (*)	Intervención nos problemas de comunicación e linguaxe en T.E.A e algunhas propostas informáticas par		Código	652498031
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde			
Coordinación	Pereira Loureiro, Javier		Correo electrónico	javier.pereira@udc.es
Profesorado	Groba Gonzalez, Betania		Correo electrónico	b.groba@udc.es
	Nieto Riveiro, Laura			laura.nieto@udc.es
	Pereira Loureiro, Javier			javier.pereira@udc.es
Web	www.imedir.udc.es/formacion			
Descrición xeral	Nesta materia o alumno poderá: - Coñecer e comprender os principios xerais da intervención nos trastornos do espectro do autismo (TEA), con especial referencia ao ámbito da comunicación e a linguaxe. - Coñecer e analizar criticamente os principais modelos teóricos que fundamentan as estratexias e/ou programas de intervención comunmente aplicados nos TEA - Coñecer os obxectivos, estrutura e procedementos dos principais programas de intervención aplicados en TEA. - Seleccionar, adaptar e implementar algúns dos procedementos e/ou programas máis representativos para o desenvolvemento da linguaxe e a comunicación en TEA. - Diseñar, implementar e avaliar un programa de intervención adaptado ás necesidades de cada caso concreto. - Coñecer as posibilidades da intervención no TEA con programas informáticos que capaciten para a comunicación e creación de contidos de interese - Desenvolver unha experiencia práctica co manexo de sistemas de comunicación dinámicos: Acceso aos dispositivos ou programas, interruptores de control, emuladores de teclado, emuladores de rato, coleccións de sons e pictogramas con especial atención a ARASAAC			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as tecnoloxías de apoio relacionadas coa comunicación aumentativa e alternativa		AP4	CP8
Utilizar e aplicar dispositivos e programas informáticos específicos para a intervención en persoas con patoloxías da linguaxe		AP5	BP3 CP6
Coñecer os requisitos de comunicación das persoas e adaptar as tecnoloxías de apoio axeitadas para resolver as súas necesidades		AP4	CP8
Identificar as fontes de información de aplicacións gratuitas e comerciais para resolver posibles problemas de comunicación			BP1 BP4
· Conocer os principios xerais da intervención nas alteracións da linguaxe e a comunicación nos TEA		AP8	CP6
· Conocer e aplicar os principais modelos e técnicas de intervención nos TEA, con especial referencia ao ámbito da linguaxe e a comunicación.		AP8	CP6
·Diseñar, implementar e avaliar intervencións na área da linguaxe e a comunicación en TEA nos ámbitos familiar, escolar e clínico, e en colaboración con outros profesionais.		AP8	CP6



· Capacidade de organizar e planificar		BP1 BP4	CP6
· Resolver problemas en forma activa		BP1 BP4	CP6
XERAIS DA MATERIA Poden informar sobre os principios xerais da intervención nas dificultades da linguaxe e a comunicación. Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento. Son capaces de aplicar os modelos e as técnicas de intervención. Poden describir as características diferenciais da intervención na linguaxe e a comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial. Son capaces de realizar unha intervención en trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo y as inhibicións da linguaxe. Son capaces de facer unha planificación estratéxica da intervención na área da linguaxe e a comunicación. Posúen os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.	AP4 AP5	BP2 BP4	CP7 CP8

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I. (Prof. Mariela Resches) Universidade de Santiago de Compostela	1. Principios xerais de intervención nos TEA. 2. Principais modelos de intervención: enfoques conductuales, evolutivos e sociopragmáticos. 3. Programas globais de intervención (ABA; TEACCH; SCERTS). Fundamentos, procedementos e avaliación de resultados. 4. Procedementos específicos de intervención: intervención en habilidades pragmáticas e mentalistas. 5. Determinación do perfil lingüístico e comunicativo individualizado e selección de estratexias de intervención apropiadas.
Bloque II. Aplicacións Informáticas (Prof. Javier Pereira, Betania Groba y Laura Nieto). Universidade da Coruña	1. O uso das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) para o acceso aos dispositivos e programas. Tecnoloxías de apoio. 2. Software de intervención no TEA. Comunicación Aumentativa y Alternativa (SAAC). Experiencias e aplicación de exemplo 4. Práctica: Creación de contidos para a intervención no TEA

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A8 B2 B4 C6 C8	6	12	18
Lecturas	A4 A5 A8 B1 B3 B2 C7	1	7	8
Portafolios do alumno	A4 A8 B1 B3 B2 B4 C6 C7 C8	0	14	14
Traballos tutelados	A4 A5 A8 B1 B3 B2 B4 C6	1	7	8
Prácticas a través de TIC	C6	8	5	13
Discusión dirixida	A8 B1 B3 B2 B4 C8	3	8	11
Atención personalizada		3	0	3



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2.- Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3.- Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2.- Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3.- Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo. No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema como para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abarcar ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada, e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.
Traballos tutelados	Os estudantes non realizarán por cuatrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo. Dado que no segundo cuatrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores, poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuatrimestre
Prácticas a través de TIC	Desenvolvemento de contidos multimedia para unha intervención no TEA empregando ferramentas vistas na clase.
Discusión dirixida	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, comezando unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas a través de TIC	A través da plataforma Moodle (www.imedir.udc.es/formacion) cada alumno deberá acceder ás prácticas propostas e entregalas telemáticamente a través da plataforma nos prazos especificados

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Sesión maxistral	A4 A8 B2 B4 C6 C8	Bloque II. (50% da cualificación na materia): a asistencia ás clases poderá supoñer ata 1 punto da cualificación final	10
Portafolios do alumno	A4 A8 B1 B3 B2 B4 C6 C7 C8	Profesora Mariela Resches: 40% pola entrega do portafolios que deberá recoller un traballo monografico final no que o alumno afondará nalgún aspecto específico dos temas presentados no temario	30
Traballos tutelados	A4 A5 A8 B1 B3 B2 B4 C6	Realización de traballos breves que poderán consistir en: elaboración e presentación de casos prácticos, recensións e comentario de lecturas, busca e confección de fichas técnicas sobre programas de intervención ou presentación de artigos de investigación pertinentes e a elección do alumno	20
Prácticas a través de TIC	C6	Bloque II. (50% da cualificación na materia): A realización das prácticas e a súa superación supoñerá ata 4 puntos na nota final	40

Observacións avaliación

Para superar a materia é preciso obtner un aprobado en cada un dos dous bloques nos que se divide a materia. A nota final será a media das dúas partes.

Fontes de información

Bibliografía básica	PROFESORA MARIELA RESCHES Bibliografía básica: Martos, J. & Perez Juliá, M. (2002). Autismo: un enfoque orientado a la intervención en logopedia. Valencia: Nau Llibres Riviere, A. (2001). Autismo: orientaciones para la intervención educativa. Madrid: Trotta Rivière, A. y Martos, J. (1997). El Tratamiento del Autismo. Nuevas Perspectivas. Madrid: APNA y Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Salvadó-Salvadó, B; Palau-Baduell, M.; Clofent Torrentó, M.; Montero Camacho, M & Hernández Latorre, M. (2012). Modelos de intervención global en personas con trastornos del espectro autista. Rev. Neurol, 54 (1), 63- 71 Tamarit J. (2010). Buenas prácticas profesionales en la intervención en personas con TEA. XV Congreso Nacional Profesionales del Autismo. Zaragoza, España. Valdez, D. (comp., 2005). Evaluar e intervenir en autismo. Madrid: Machado
Bibliografía complementaria	PROFESORA MARIELA RESCHES Gerber, S. (2003). A developmental perspective on language assessment and intervention for children on the autism spectrum. Topics in language disorders, 23, 72-95. Howlin, P. ; Barón Cohen, S. & Hadwin, J. (2006). Enseñar a los niños autistas a comprender a los demás. Guía práctica para educadores. Barcelona: CEAC. Lovaas, O.I. (2002). Teaching individuals with developmental delays. Basic intervention techniques. Austin: TX: PRO-ED. Monfort, M. & Monfort, I. (2001). En la mente. Un soporte para el entrenamiento de habilidades pragmáticas en niños. Madrid: Entha. Prizant, B., Wetherby, A & Rydell, P. (2000). Communication intervention issues for children with ASD. En: A. Wetherby; B. Prizant (eds.) Autism spectrum disorders: a transactional developmental perspective. Baltimore: Paul Brookes Sussman, F. (2001). More than words. Helping parents and professionals promote communication and social skills in children with ASD. The Hanen Centre. National Library of Canada. Sussman, F. (2006). Talk ability: People skills for verbal children on the autism spectrum. The Hanen Centre. National Library of Canada

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Todos os traballos do Bloque II son entregados a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, contribuíndo deste modo a unha educación baseada nun modelo sostible. Para o Bloque II é preciso asistir a clase cun ordenador portátil



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías